Xornal DE GALICIA





LITERATURA

## Os escritores galegos asócianse cos seus colegas europeos

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) vén de ser confirmada como membro da Confederación de Escritores Europeos – Federación de Asociacións Europeas de Escritores, na asemblea xeral que tivo lugar o pasado 21 de xuño de 2009 en Marsella. Tratáse dun proxecto financiado con apoio da Comisión Europea, e nos que tamén ingresaron, xunto a AELG, a Asociación Europea de Escritores Die Kogge, de Alemaña; a Asociación de Escritores Daneses; a Unión de Escritores Bielorrusos; a Asociación de Escritores Eslovenos e a Academia da Lingua Maltesa. XdG